



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso monográfico de planificación estratéxica dirixido ao persoal da Administración local

**CONVOCATORIA:** Curso monográfico de planificación estratéxica, dirixido ao persoal da Administración local

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	30
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	LOCAL	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2026
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	C.MONOGRÁFICO	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 07/04/2026 - 09:00h ao 13/04/2026 - 23:59h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Os obxectivos do curso son dotar ás persoas destinatarias dos coñecementos e ferramentas necesarias para comprender, participar e contribuír ao deseño, desenvolvemento e seguimento de procesos de planificación estratéxica, orientados a mellorar a acción pública e a capacidade das organizacións para responder os retos da contorna.

O curso busca reforzar a capacidade técnica das administracións locais para analizar o seu contexto, definir prioridades e traducir as estratexias institucionais en actuacións concretas, planificadas e avaliábeis.

Ao finalizar o curso as persoas participantes serán capaces de:

- Comprender os fundamentos da planificación estratéxica e a súa utilidade para orientar a acción pública.
- Identificar os principais actores e grupos de interese relevantes para a acción pública local e considerar as súas necesidades e expectativas.
- Realizar un diagnóstico estratéxico da organización mediante a análise da contorna e das capacidades internas.
- Comprender as fases e elementos que estruturan un proceso de planificación estratéxica nas administracións públicas.
- Formular misión, visión e obxectivos estratéxicos coherentes coas prioridades institucionais.
- Definir liñas estratéxicas, actuacións e proxectos que permitan concretar a estratexia.
- Deseñar plans de acción con indicadores e mecanismos de seguimento que faciliten a implementación e avaliación do plan estratéxico.
- Coñecer instrumentos de dirección e seguimento do plan, así como ferramentas para a identificación e xestión de riscos.

Completada a formación as persoas participantes disporán dunha visión clara e práctica de como estruturar e xerarquizar un plan estratéxico, así como das competencias necesarias para realizar análises estratéxicas, concretar actuacións e contribuír ao desenvolvemento e seguimento dos plans estratéxicos no ámbito da Administración local.

### DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración local de Galicia que se encadre nalgunha das seguintes categorías:

- a) Grupo A (subgrupos A1 ou A2) do persoal funcionario.
- b) Grupos I ou II do persoal laboral.

## PROGRAMA

Este curso monográfico abordará os seguintes contidos:

Módulo 1. Fundamentos da planificación estratéxica.

- A planificación na xestión pública: sentido e utilidade.
- Planificación tradicional e planificación estratéxica.
- Estratexia e planificación: relación e complementariedade.
- Tipoloxías de plans na Administración pública: estratéxicos, directores, sectoriais e transversais.
- O ciclo das funcións directivas e a planificación.

Módulo 2. O proceso de planificación estratéxica e a definición da estratexia.

- Fases do proceso de elaboración dun plan estratéxico.
- Actores implicados e organización do proceso.
- Estrutura e xerarquía dos elementos do plan.
- Misión, visión e valores como marco da estratexia.
- Relación entre planificación estratéxica e xestión operativa.

Módulo 3. A análise estratéxica.

- Análise da contorna: dimensións política, social, económica e tecnolóxica.
- Análise interna da organización: recursos, capacidades e procesos.
- Análise da demanda cidadá: necesidades e expectativas.
- Identificación de actores e grupos de interese.
- Ferramentas para o diagnóstico estratéxico: matrices de análises, mapas de actores.

Módulo 4. Deseño, desenvolvemento e seguimento do plan estratéxico.

- Definición e priorización de liñas estratéxicas.
- Formulación de obxectivos estratéxicos.
- Tradución dos obxectivos en programas, actuacións e proxectos.
- Planificación temporal e asignación de recursos.
- Integración de obxectivos, actuacións e indicadores.

Módulo 5. Seguimento e avaliación do plan estratéxico.

- Sistemas de seguimento do plan.
- Definición e uso de indicadores.
- Avaliación de resultados e impactos.
- Instrumentos de apoio ao seguimento: cadros de mando e sistemas de información.
- Revisión e actualización do plan estratéxico.

## CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levará a cabo de acordo co indicado para as persoas destinatarias na base cuarta da convocatoria. A orde de selección virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

## DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

**IMPORTANTE:**

- A inscrición debe realizarse de forma telemática a través da área de matrícula da EGAP (<https://egap.xunta.gal/matricula>).

- Unha vez formalizada a inscrición e antes de que finalice o prazo de inscrición as persoas solicitantes deberán achegar ao correo electrónico [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal) a seguinte documentación:

Cabeceira de nómina, toma de posesión ou certificado asinado por quen corresponda acreditando grupo e categoría (algún dos indicados na base cuarta da convocatoria DOG desta actividade).

Serán excluídas as solicitudes das persoas solicitantes que non teñan achegado en prazo a documentación requirida.

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 16/04/2026 a 17/04/2026

**NUM. PRAZAS:** 20

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

Enric Herranz Moral

#### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

**AULA 1 (COLMEIRO):** O día 16 de abril de 09:00 a 14:30. O día 16 de abril de 16:00 a 18:30. O día 17 de abril de 09:30 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA